



## ENQUISA PARA AS FAMILIAS

Queremos coñecer o que esperades da ANPA e os vosos intereses. Temos publicada unha enquisa na web [anpavedra.es](http://anpavedra.es), agradecemos que a completes para que nos sirva como orientación. Grazas!

## + info:

[info@anpavedra.es](mailto:info@anpavedra.es)  
[anpavedra.es](http://anpavedra.es)  
[facebook.com/anpavedra](https://facebook.com/anpavedra)  
[instagram.com/anpavedra](https://instagram.com/anpavedra)

# ASÓCIATE

Asociación de Nais e  
Pais do CPI  
Plurilingüe de Vedra

Curso 2022/2023



## Quen somos?

Somos un grupo de nais e pais que compartimos a preocupación pola educación dos nosos fillos e fillas. E aínda que andamos facendo malabares coa conciliación e o tempo libre, poñemos diante participar na **comunidade educativa do CPI de Vedra**.

Seguro que esta historia che resulta familiar, non?

Poñemos a andar unha nova etapa na ANPA "A Boca" do CPI Plurilingüe de Vedra, coa vontade de ter un **papel activo** na comunidade educativa, **contribuír** no que poidamos na educación dos rapaces e rapazas e promover a **participación** das familias.

**E quen é a ANPA?** A ANPA es ti: somos cada unha das nais, pais, titores ou titoras do alumnado do CPI de Vedra. **A voz das familias** é máis forte canto maior sexa a participación na ANPA. Deste xeito, podemos defender os **intereses comúns**, expresar a nosa **opinión** e impulsar máis **iniciativas** e **actividades**.

## Por que asociarse?

Animámosvos a que vos asociades e que empreguedes esta ferramenta que é a ANPA para **impulsar inqueanzas compartidas**, como a **defensa do ensino público**, a **conciliación**, a **educación inclusiva**, a **igualdade** e o respecto á **diversidade**.

E estaredes ensinando unha valiosa lección aos cativos e cativas: **a importancia de implicarse na mellora da comunidade**.

Cantas máis familias formemos parte da ANPA, **maior será a nosa capacidade de representación**, para poder acceder a subvencións e axudas, realizar un papel de mediación e promover actividades.

Compartimos a **información de interese** na nosa web, [www.anpavedra.es](http://www.anpavedra.es), e tamén nas redes sociais nas que estamos presentes, Facebook e Instagram.

Podes contactar con nós directamente a través do correo [info@anpavedra.es](mailto:info@anpavedra.es)

## Como asociarse?

A inscrición ten un custo anual de 15 €. Para o curso de 2022/23, acordamos non **cobrar cota de inscrición**, debido a que as anteriores cotas non foran utilizadas, polas dificultades que implicou a pandemia para o desenvolvemento de actividades.

Polo tanto, **este ano a inscrición é totalmente gratuíta**.

Podes realizala a través da web [anpavedra.es](http://anpavedra.es), no apartado de [rexistro](#).



*Se tes algunha dúbida sobre como asociarte, estamos á túa disposición en [info@anpavedra.es](mailto:info@anpavedra.es)*

